

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 4 DE MAIO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a catro de maio de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once

horas corenta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 30 de abril de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2026, EN XESTIÓN COMPARTIDA CO CONCELLO DE AGOLADA

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 25 de marzo de 2026 da Consellería de Presidencia, Xustiza e

Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG núm. 61, do 01/04/26). O Sr. alcalde informa que considera conveniente optar a dita subvención, na modalidade de xestión compartida co Concello de Agolada, para a realización de obras nun camiño municipal da parroquia de Pedroso, que descorre entre os termos municipais de Rodeiro e Agolada.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha subvención, en xestión compartida co Concello de Agolada, por importe de CORENTA E SEIS MIL NOVECIENTOS SETENTA E SETE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (46.977,30 €) para o investimento denominado *“Pavimentación de camiño municipal en Pedroso-Gurgueiro”*, cun orzamento total de CINCUENTA E OITO MIL SETECENTOS VINTE E UN EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (58.721,62 €), IVE incluído, de conformidade co proxecto técnico do mesmo nome, aprobado na sesión deste órgano de data 7 de abril do corrente, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

3.- CONTRATACIÓN DE TRES (3) TRABALLADORES/AS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026 (LIÑA 3)

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 4 de marzo do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación de tres (3) postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2026.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados, correspondente ao perfil profesional de peón/a de obras públicas (RS núm. 218, do 08/04/26). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Peón/a de obras públicas (oferta núm. [REDACTED])

- Areán Calviño, José Luís
- Arias Fernández, Daniel
- Avisbal Corral, Patricia
- Busoic, Costel
- Caileo Martinelli, Miguel Ángel
- Carral Viana, Jesús
- Dafonte Reboredo, José
- De la Vega Sanz, Christian
- Ferreiro Sanmartín, María Victoria
- Ledo Lamas, Luís
- Lefghir, Mohamed
- Míguez Salina, José David
- Morillo Queva, Josmaira Adreína
- Payo Faílde, David
- Sobrado Sánchez, María Jesús
- Toubes Pereira, Daniel

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

- Toubes Pereira, Daniel (RE núm. 466, do 17/04/26)
- Arias Fernández, Daniel (RE núm. 470, do 20/04/26)
- Ledo Lamas, Luís (RE núm. 472, do 20/04/26)
- Dafonte Reboredo, José (RE núm. 473, do 20/04/26)
- Busuic, Costel (RE núm. 478, do 21/04/26)

- Ferreiro Sanmartín, María Victoria (RE núm. 482, do 21/04/26)
- De la Vega Sanz, Christian (RE núm. 487, do 21/04/26)
- Carral Viana, Jesús (RE núm. 501, do 22/04/26)
- Areán Calviño, José Luís (RE núm. 502, do 22/04/26)
- Míguez Salina, José David (RE núm. 506, do 22/04/26)

Por Resolución da Alcaldía de data 27/04/26 todos/as os/as presentados foron admitidos/as ao proceso selectivo.

O proceso selectivo desenvolveuse entre os días 27 de abril e 4 de maio do corrente, ambos inclusive, co seguinte resultado final:

CANDIDATO/A	PROBA PRÁCTICA	MÉRITOS	TOTAL
TOUBES PEREIRA, DANIEL	10,33	3,10	13,43
ARIAS FERNÁNDEZ, DANIEL	8,33	1,20	9,53
LEDO LAMAS, LUÍS	Non presentado	2,30	2,30
DAFONTE REBOREDO, JOSÉ	8,66	1,80	10,46
BUSUOIC, COSTEL	7,66	0,50	8,16
FERREIRO SANMARTÍN, MARÍA VICTORIA	11,00	3,50	14,50
DE LA VEGA SANZ, CHRISTIAN	6,66	0,50	7,16
CARRAL VIANA, JESÚS	6,00	1,95	7,95
AREÁN CALVIÑO, JOSÉ LUÍS	Non presentado	1,70	1,70
MÍGUEZ SALINA, JOSÉ DAVID	8,33	0,40	8,73

O Tribunal cualificador efectúa proposta de contratación a favor dos/as seguintes tres candidatos/as que obtiveron a maior puntuación no proceso selectivo: María Victoria Ferreiro Sanmartín, Daniel Toubes Pereira e José Dafonte Reboredo.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal cualificador e debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a

tempo parcial (25 horas/semana), por un período de seis (6) meses e nove (9) días, dos/as traballadores/as que deseguido se sinalan:

Peón/a de obras públicas

NOME E APELIDOS	DNI
MARÍA VICTORIA FERREIRO SANMARTÍN	[REDACTED]
DANIEL TOUBES PEREIRA	[REDACTED]
JOSÉ DAFONTE REBOREDO	[REDACTED]

RESERVAS:

DANIEL ARIAS FERNÁNDEZ
JOSÉ DAVID MÍGUEZ SALINA
COSTEL BUSUIOC
JESÚS CARRAL VIANA
CHRISTIAN DE LA VEGA SANZ
LUÍS LEDO LAMAS
JOSÉ LUÍS AREÁN CALVIÑO

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

4.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 564,88 € E 65,55 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 26A/645 e 26A/644 (FACe).
- NATURGY CLIENTES S.A.U. 2.942,41 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de marzo de 2026, s/recibos.
- INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD S.L. 1.203,95 €
Honorarios por estudo xeotécnico para proxecto de construción dun muro no lugar de Bardelás, s/factura núm. 2026.A.135 (FACe).

- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 51,81 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de marzo de 2026, s/factura núm. 26ZNX0078924 (FACe).
- GEMAGAR GALICIA S.L. 2.800,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2026*” no mes de abril de 2026, s/factura núm. 0026/0000019 (FACe).
- MAIS ESCOLA S.L. 3.279,20 €
Por servizo de reforzo puntual do persoal do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/facturas núm. 72 e 85 (FACe).
- MAIS ESCOLA S.L. 1.900,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Envelhecimento Activo*” no mes de abril de 2026, s/factura núm. 86 (FACe).
- SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L. 135,52 €
Por subministro de materiais de abastecemento para obras municipais, s/factura núm. 26-LAL/816 (FACe).
- LINCOLD IBÉRICA S.L. 399,30 €
Por reparación de avaría na rede municipal de abastecemento de auga, s/factura núm. FV/00001236 (FACe).
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 6.926,39 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de marzo de 2026, s/factura núm. 2026/0972 (FACe).
- AUTOCARES MEIJIDE S.L. 750,00 €
Por transporte en autobuses dos alumnos do CPI para actividade da natureza no monte de Pereira, s/factura núm. MEI2026A03-0036.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 221,06 €
Por traballos de fontanería no campo de fútbol, s/factura núm. 34/26.

- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 8.349,00 €
Por transporte de materias de construción para obras en camiños municipais, s/facturas núm. 11/2026 e 12/2026.
- VIRULÉ RODEIRO S.L.U. 3.085,50 €
Por transporte de materias de construción para obras en camiños municipais, s/factura núm. 1/000075 (FACe).
- CANTERAS DEL ARENAL S.L 777,10 €
Por subministro de zahorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000/000000012 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas cincuenta e cinco minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)